



Quintá - A Grade (San Vicente) - Chantada, 1978

Informante: Concha Casal Eiriz "Concha do Casal"

Compilador: Miguel López Coira

Autores da recolla: Miguel López Coira e Xosé Figueroa

Transcripción: Paula González e Isabel Vigo

Barrumeiros de San Pedro

barrumeiros de San Pedro

lázarios da Carballeira

gorras tortas de Seoane

gorras tortas de Seoane

gorras tortas de Seoane

é cousa ben verdadeira.

Ai lalala lala ai lalala lala

escomecémola pandeirada

escomencémolo baile xa.

Preiteantes de Requeixo

preiteantes de Requeixo

laudos de Santa Mariña

manteleiros os de Furco

manteleiros os de Furco

manteleiros os de Furco

son verdá de toda a vida.

Ai lalala lala ai lalala lala

escomecémola pandeirada

escomencémolo baile xa.

Naviñaos Santa Cristina

Naviñaos Santa Cristina

cigarristas de Bermún

borrachistas de Esmoriz

borrachistas de Esmoriz

borrachistas de Esmoriz

éche cousa ben común.

Ai lalala lala ai lalala lala

escomecémola pandeirada

escomencémolo baile xa.

Borrerosos de Cartelos

borrerosos de Cartelos

marmuradores Santa Cruz

santularios Santa Eugenia

santularios Santa Eugenia



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudios das
identidades

santularios Santa Eugenia
Deus lles dea algo de luz.

*Ai lalala lala ai lalala lala
escomecémola pandeirada
escomencémolo baile xa.*

Mais a xente boa e decente,
mais a xente boa e decente
e tamén moi agradable
solo a atopan na parroquia
solo a atopan na parroquia
solo a atopan na parroquia
de San Vicente de A Grade.

*Ai lalala lala ai lalala lala
escomecémola pandeirada
escomencémolo baile xa.*

É unha parroquia pequena
é unha parroquia pequena
de xente civilizada
i é a única que hai
i é a única que hai
i é a única que hai
na comarca de Chantada.

*Ai lalala lala ai lalala lala
escomecémola pandeirada
escomencémolo baile xa.*